

A Asociación de Escritores prepara unha publicación dixital de tributo

14/04/2011 -

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) anuncia na súa páxina web unha nova proposta que organiza para contribuír a visualizar a obra de Lois Pereiro. Trátase dun libro homenaxe para o cal solicitan a colaboración dos socios, para que envíen colaboracións inéditas e orixinais. Esas achegas poden ser de diferente natureza. Por unha banda, a AELG busca poemas inspirados en Lois Pereiro. Pola outra, solicítanse obras gráficas –xa sexan debuxos, ilustracións, fotografías ou poemas experimentais– inspirados na poesía do autor monfortino. Da conxunción de todas esas colaboracións, a AELG promoverá unha edición en soporte electrónico en formato epub de descarga gratuíta accesible dende a súa páxina web. Con esta nova iniciativa, a Asociación de Escritores en Lingua Galega busca darlle continuidade ao proxecto Vento Lois, que comezou a soprar na Coruña o pasado domingo 20 de marzo, día que tivo lugar unha marcha festiva polas rúas da cidade en honra a Pereiro. Aquela iniciativa concluíu cun recital espontáneo no Teatro Rosalía de Castro que contou co poeta Lino Braxe como mestre de cerimoniais.